



PROPOSTA DA PRESIDENCIA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO ANEXO AO ORZAMENTO 2025.

EXPEDIENTE: 19/2025

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 29 de outubro de 2024, acordou aprobar conxuntamente co Orzamento do Consorcio o Cadro de Persoal e de retribucións para o exercicio 2025, que contempla a creación de 17 posto de persoal laboral fixo de bombeiro- condutor, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo:

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	3
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	67

A Xerencia no informe emitido, con data 28-01-2025, en relación coa estrutura organizativa contida no proxecto de Relación de Postos de Traballo que contempla a dotación de 67 bombeiros-condutores, sinala que "... *considera necesario converter dúas prazas de bombeiro en xefatura de parque, quedando a seguinte distribución:*

PARQUE	BOMBEIROS ACTUAL	BOMBEIROS + NOVO INGRESO	XEFES PARQUE
BUEU	17	21	2
PORRIÑO	19	22	1
RIBADUMIA	17	21	1
VILAGARCÍA	17	21	1
TOTAL	70 (+3XP)	85	5

Ao abeiro do artigo 37.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público este asunto foi obxecto de negociación na Mesa Xeral de Negociación de data 07-02-2025, acadando acordo.

D. Jesús Mariño Mariño, xefe de parque do parque de Bueu, presenta escrito de alegación á devandita proposta, alegado e propoñendo:

1. A redistribución do sarxento adicional a Porriño, o que garantiría unha mellor cobertura na zona de alta carga operativa e risco industrial.
2. Cambio de la denominación de la nueva plaza de "Xefe de Parque" a "Sargento Jefe de Grupo"

LUIS LOPEZ DIEGUEZ (1 para 1)
PRESIDENTE
Data: 21/02/2025
HASH: e80c7483bfe422818c9a68a124b79



Cod. Validación: 7KLC7PRDADS2MTEZLH5FR7H74
Corrección: https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4





A Xerencia, en informe de data 20-02-2025, ratifica a distribución e por ende a estrutura organizativa dos xefes de parque e a modificación de cadro de persoal proposta, ao considerala como a mellor opción para a prestación do servizo no ámbito territorial do Consorcio, que abrangue a 53 dos 61 concellos da provincia.

Esta modificación afecta á relación laboral do traballador que na actualidade ten asignada a xefatura de parque dos parques de bombeiros de Ribadumia e Vilagarcía, polo que procede notificarlo nos termos do artigo 41.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

A vista do que antecede e dos informe obrantes no expediente, esta Presidencia proponlle á Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente este asunto e a súa vez lle propoña ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Modificar o Cadro de Persoal Laboral Fixo do exercicio 2025, coa transformación de 2 dos postos de bombeiro- condutor dos creados en 2 dos postos de xefes de parque, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo para o exercicio 2025:

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	5
XEFE DE QUENDA	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	65

E o CADRO DE PERSOAL 2025

APARTADO 1º: Persoal funcionario				
PERSOAL ADMINISTRATIVO				
GRUPO	NIVEL/CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	OBSERVACIÓNS
		ESCALA HABILITACIÓN CARÁCTER ESTATAL		Exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra
		SUBESCALA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN		
A1		SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A	1	
		ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL		
		SUBESCALA TÉCNICA. CLASE SUPERIOR		
A.1	26	TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	1	
		ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL		
		SUBESCALA ADMINISTRATIVA		
C.1	20	ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	





APARTADO 2º: Persoal directivo	
N.º POSTOS	DENOMINACIÓN
1	XERENTE

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025		
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS	GRUPO
XEFE DE PARQUE	5	c1
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20	c2
BOMBEIRO-CONDUTOR	65	c2

Dos que son de nova creación os seguintes:

PERSOAL LABORAL FIXO DE NOVO INGRESO	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	5
BOMBEIRO-CONDUTOR	15

APARTADO 4º: Persoal laboral temporal	
PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DERIVADO DA SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	0
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	0
BOMBEIRO-CONDUTOR	1

Como título aclarativo do Cadro de Persoal e no cómputo total do persoal laboral fixo:

POR SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS SUBROGADOS
XEFE DE PARQUE	3 (1)
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20 (2)
BOMBEIRO-CONDUTOR	48 (3)

(1) Un xefe de parque en situación de excedencia forzosa con reserva de posto

(2) Un xefe de quenda está a desenvolver as funcións de xefe de Parque en O Porriño en substitución do xefe de parque excedente.

(3) Un bombeiro condutor está a desenvolver as funcións de xefe de quenda en O Porriño en substitución do xefe de quenda que se atopa en substitución do xefe de parque.

(3) A Presidencia, mediante Resolución de data 23-12-2024, nº 2024-0213, resolve declarar extinguido o contrato de traballo por Incapacidade Permanente Total de D. José Alfonso Vázquez Pérez, DNI ***1302**, persoal laboral fixo do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, como bombeiro-condutor.

(3) A Presidencia, mediante Resolución de data 18-06-2021, nº 2021-0043, resolve declarar a D.





ANTONIO RODRÍGUEZ FREITAS en situación administrativa de excedencia voluntaria, sen dereito a reingreso, con efectos do 30 de xuño de 2021, sendo baixa en nómina e seguridade social con esta data.

2º.- Dar traslado do expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3º.- Notificar, ao abeiro do artigo 41.3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a modificación da estrutura organizativa das xefaturas de parque de Ribadumia e Vilagarcía ao traballador que na actualidade ten asignada a xefatura de parque dos parques de bombeiros de Ribadumia e Vilagarcía.

O presidente

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe





INFORME

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO ANEXO AO ORZAMENTO 2025.

EXPEDIENTE: 19/2025

Dando cumprimento ao artigo 168.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en concordancia cos artigos 54 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 173 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

Antecedentes.

1. O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 29 de outubro de 2024, acordou aprobar conxuntamente co Orzamento do Consorcio o Cadro de Persoal e de retribucións para o exercicio 2025, que contempla a creación de 17 posto de persoal laboral fixo de bombeiro- condutor, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo:

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	3
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	67

2. A Xerencia no informe emitido, con data 28-01-2025, en relación coa estrutura organizativa contida no proxecto de Relación de Postos de Traballo que contempla a dotación de 67 bombeiros-condutores, sinala que "... *considera necesario converter dúas prazas de bombeiro en xefatura de parque, quedando a seguinte distribución:*

PARQUE	BOMBEIROS ACTUAL	BOMBEIROS + NOVO INGRESO	XEFES PARQUE
BUEU	17	21	2
PORRIÑO	19	22	1
RIBADUMIA	17	21	1
VILAGARCÍA	17	21	1
TOTAL	70 (+3XP)	85	5

Con esta distribución acádanse os 20 efectivos necesarios para establecer as quendas 1-4, habendo un excedente de 5 bombeiros en todo o consorcio que permitirán ter un efectivo excedente en cada unha das cinco dotacións para cobertura puntual de imprevistos.

Tamén se realizará o cambio de quendas das xefaturas de parque, pasando do actual horario presencial por quendas de 9 a 15 a un horario presencial por





quendas de 08 a 20h, manténdose localizables no resto de quendas que lle correspondan.

Deste xeito a xestión diaria das incidencias verase enormemente mellorada, pois a presencialidade ampliada permitirá atendelas con maior efectividade.

A atención ás emerxencias tamén se verá mellorada pola maior presencialidade e pola menor carga de localizacións, redundando nun mellor servizo aos cidadáns.

Tradicionalmente os parques de Ribadumia e Vilagarcía veñen funcionando conxuntamente, compartindo vehículos e intervencións.

Por outra banda o parque de Porriño é o que historicamente ten maior número de saídas respecto dos demais, é por elo que se asigna un bombeiro a maiores neste parque, circunstancia que xa se viña dando anteriormente.

No parque de Bueu asígnanse dúas xefaturas de parque para reforzar a zona sur da provincia dado que como se expuxo o norte xa actúa conxuntamente entre Ribadumia e Vilagarcía."

2. A vista do sinalado, e considerando que, ao abeiro do artigo 37.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público esta materia é obxecto de negociación, foi sometida a Mesa Xeral de Negociación con data 07-02-2025 a proposta da Presidencia da modificación do Cadro de Persoal Laboral Fixo do exercicio 2025, coa transformación de 2 dos postos de bombeiro- condutor dos creados en 2 dos postos de xefes de parque, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo para o exercicio 2025:

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	5
XEFE DE QUENDA	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	65

acadando acordo.

3. Con data de rexistro de entrada 11-02-2025, nº 2025-E-RE-45, D. Jesús Mariño Mariño, presenta escrito de alegación á devandita proposta, alegado e propoñendo:

1. A redistribución do sarxento adicional a Porriño, o que garantiría unha mellor cobertura na zona de alta carga operativa e risco industrial.

2. Cambio de la denominación de la nueva plaza de "Xefe de Parque" a "Sargento Jefe de Grupo"

4. Consideradas as devanditas alegacións pola Xerencia, INFORMA:

"Alegación primeira. Tal e como se expuxo, esta alegación non é consecuente coa distribución territorial, poboacional e de riscos do Consorcio nin coas funcións a desenvolver. As funcións das xefaturas de garda con cinco xefaturas de parque en lugar das tres actuais, serán cada vez menos "comarcais" labor que se leva implementando dende a chegada desta xerencia.

Para estas labores provinciais, no canto de comarcais, a localización proposta considérase a mais idónea.





Alegación segunda. Tal e como se expuxo no corpo deste informe esta alegación é incongruente coa motivación de creación da praza, que debe ser de idénticas funcións ás dos tres xefes de parque existentes á fin de dispoñer de máis presencialidade para a atención das emerxencias no Consorcio Provincial, crear unha praza de distinta natureza poría en risco o mando único provincial e, por forza, suporía unha rebaixa salarial na categoría de xefatura de parque, a cal debería perder algunha función a desempeñar pola categoría de nova creación. Polo exposto, ratifícase a distribución e por ende a estrutura organizativa dos xefes de parque e a modificación de cadro de persoal proposta, ao considerala como a mellor opción para a prestación do servizo no ámbito territorial do Consorcio, que abrangue a 53 dos 61 concellos da provincia.”

5. Así mesmo, a Relación de Postos de Traballo contempla esta modificación, o que determina de xeito obrigado modificar o cadro de persoal do orzamento en vigor para adaptalo á nova estrutura organizativa.

6. . Esta modificación afecta á relación laboral do traballador que na actualidade ten asignada a xefatura de parque dos parques de bombeiros de Ribadumia e Vilagarcía.

Lexislación aplicable:

1. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
2. Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido
3. Real Decreto Lei, 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
4. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
5. Decreto 36/2011, do 17 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.
6. Artigo 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas Locais, en materia de Orzamentos.

Fundamentos legais:

Primeiro. Segundo determina o artigos 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: *“Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través del Presupuesto, la plantilla, que deberá comprender todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios, personal laboral y eventual”* e 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, no punto 1: *“Las plantillas, que deberán comprender todos los puestos de trabajo debidamente clasificados reservados a funcionarios, personal laboral y eventual, se aprobarán anualmente con ocasión de la aprobación del Presupuesto y habrán de responder a los principios enunciados en el artículo 90.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril. A ellas se unirán los antecedentes, estudios y documentos acreditativos de que se ajustan a los mencionados principios”*.

Segundo. Mandato que tamén ven recollido no artigo 168.1.c) do Real





Decreto Lei, 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 18.1.c) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, ao establecer o carácter preceptivo de unir ao Orzamento da entidade o cadro de persoal coa súa identificación, denominación, natureza xurídica e estrutura retributiva, e que a a sentenza do Tribunal Supremo, do 12 de decembro de 2003, define “.../... **cadros de persoal** pódense configurar como un instrumento de carácter máis ben financeiro ou orzamentario de ordenación do gasto que constitúe unha enumeración de todos os postos —ou mellor prazas— que están dotados orzamentariamente, debendo incluír tanto aos funcionarios como ao persoal laboral e eventual, cuxa finalidade é delimitar os gastos de persoal ao relacionar todos os que prevé para un exercicio orzamentario sendo a base para habilitar a previsión de gastos en materia de persoal e consignar os créditos necesarios para facer fronte ás retribucións en materia de persoal, ata o extremo de que a súa aprobación e modificación está estreitamente ligada á aprobación e modificación do orzamento da Corporación no ámbito local. Esa finalidade e conexión orzamentaria do cadro de persoal que se manifesta na necesidade de que esta respecte os principios de racionalidade, economía e se configure de acordo coa ordenación xeral da economía, así como na prohibición de que os gastos de persoal traspasen os límites que se fixen con carácter xeral nas leis de orzamentos xerais do Estado”.

Terceiro. Ao abeiro do artigo 13.1. 10) dos Estatutos do Consorcio, é competencia do Pleno do Consorcio a aprobación do cadro de persoal; sinalando o artigo 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, no punto 3 que “*La modificación de las plantillas durante la vigencia del Presupuesto requerirá el cumplimiento de los trámites establecidos para la modificación de aquél*”

Cuarto. En canto ao quorum para a súa aprobación, requirirá unha maioría cualificada de dous terzos.

Quinto. Os pasos principais a seguir de acordo coa lexislación ó principio citada son os seguintes:

Toma de razón e aprobación inicial polo Pleno do Consorcio.

Traslado, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para tramitación, en cumprimento ao artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Exposición pública 15 días, mediante edictos publicados no B.O.P. e na páxina web da Deputación e do Consorcio.

Aprobación definitiva polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra que será expresa se hai que resolver reclamacións.

Publicación no B.O.P. .

Sexto. O artigo 37.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público (TREBEP) “*Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as materias seguintes:*

.../...





c) As normas que fixen criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo, e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos."

.../..."

Sétimo. Segundo sinala o artigo 41.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, "A modificación substancial de condicións de traballo de carácter individual deberá ser notificada polo empresario ao traballador afectado e aos seus representantes legais cunha antelación mínima de quince días á data da súa efectividade."

A vista do que antecede; a que subscribe traslada a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Consorcio previo ditame da Comisión Especial de Contas:

1º.- Modificar o Cadro de Persoal Laboral Fixo do exercicio 2025, coa transformación de 2 dos postos de bombeiro- condutor dos creados en 2 dos postos de xefes de parque, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo para o exercicio 2025:

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	5
XEFE DE QUENDA	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	65

E o CADRO DE PERSOAL 2025

APARTADO 1º: Persoal funcionario				
PERSOAL ADMINISTRATIVO				
GRUPO	NIVEL/CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	OBSERVACIÓNS
		ESCALA HABILITACIÓN CARÁCTER ESTATAL		Exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra
		SUBESCALA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN		
A1		SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A	1	
		ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL		
		SUBESCALA TÉCNICA. CLASE SUPERIOR		
A.1	26	TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	1	





		ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL	
		SUBESCALA ADMINISTRATIVA	
C.1	20	ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1

APARTADO 2º: Persoal directivo

N.º POSTOS	DENOMINACIÓN
1	XERENTE

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS	GRUPO
XEFE DE PARQUE	5	c1
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20	c2
BOMBEIRO-CONDUTOR	65	c2

Dos que son de nova creación os seguintes postos de traballo:

PERSOAL LABORAL FIXO DE NOVO INGRESO

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	5
BOMBEIRO-CONDUTOR	15

APARTADO 4º: Persoal laboral temporal**PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DERIVADO DA SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET**

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	0
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	0
BOMBEIRO-CONDUTOR	1

Como título aclarativo do Cadro de Persoal e no cómputo total do persoal laboral fixo:

POR SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS SUBROGADOS
XEFE DE PARQUE	3 (1)
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20 (2)
BOMBEIRO-CONDUTOR	48 (3)

(1) Un xefe de parque en situación de excedencia forzosa con reserva de posto

(2) Un xefe de quenda está a desenvolver as funcións de xefe de Parque en O Porriño en substitución do xefe de parque excedente.





(3) *Un bombeiro condutor está a desenvolver as funcións de xefe de quenda en O Porriño en substitución do xefe de quenda que se atopa en substitución do xefe de parque.*

(3) *A Presidencia, mediante Resolución de data 23-12-2024, nº 2024-0213, resolve declarar extinguido o contrato de traballo por Incapacidade Permanente Total de D. José Alfonso Vázquez Pérez, DNI ***1302**, persoal laboral fixo do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, como bombeiro-condutor.*

(3) *A Presidencia, mediante Resolución de data 18-06-2021, nº 2021-0043, resolve declarar a D. ANTONIO RODRÍGUEZ FREITAS en situación administrativa de excedencia voluntaria, sen dereito a reingreso, con efectos do 30 de xuño de 2021, sendo baixa en nómina e seguridade social con esta data.*

2º.- Dar traslado do expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3º.- Notificar, ao abeiro do artigo 41.3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a modificación da estrutura organizativa das xefaturas de parque de Ribadumia e Vilagarcía ao traballador que na actualidade ten asignada a xefatura de parque dos parques de bombeiros de Ribadumia e Vilagarcía.

Este é o meu parecer sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito.

A secretaria-interventora

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe





ALEGACIÓNS RPT JUAN JESÚS MARIÑO

EXP. 19/2025

ANTECEDENTES

En data 11 de febreiro recíbese alegacións mediante rexistro 2025-E-RE-45 do interesado Juan Jesús Mariño, no que indica

“que teniendo por presentado este escrito, y en su virtud tenga por formuladas las anteriores alegaciones y proceda a su estimación, por fundamentarse ambas en aspectos técnicos-operativos.”

Alegación primeira.- Indica o interesado xustificación para que a praza de xefe de parque se asigne ao parque de Porriño, en lugar de ao de Bueu, aducindo actividade ou extensión da zona asignada aos distintos parques.

A este respecto o ámbito de atención ás emerxencias do Consorcio dentro da provincia de Pontevedra conta cun risco diseminado, tanto das tres SEVESO coas que conta como de industrias, poboación e poboación flotante ou vacacional, que se ven modificadas sustancialmente ao longo do ano, riscos todos eles a ter en conta e non só o industrial, o cal, como se dixo tamén está moi disperso.

A provincia conta con catro parques para facer fronte aos riscos, que nun servizo de bombeiros son altamente cambiantes e impredecibles. Dende estes catro parques dase atención a toda a provincia, contando todos os parques con puntos de atención a máis de unha hora de distancia.

Dada esta dispersión das emerxencias e do territorio abranguido, a situación máis céntrica do parque de Bueu no global da provincia, considérase que dende este será dende onde se poida prestar un mellor servizo global, función da xefatura de garda levada a cabo polos xefes de parque.

Alegación segunda. Interesa o solicitante o cambio de denominación da nova praza de “xefe de parque” a “Sargento Jefe de Grupo”.

Esta alegación contradise coa anterior, pois se na anterior se centraba a

Roberto Jorge Correa (1 para 1)
Xerente
Data Sinatura: 20/02/2025
HASH: eac0c261608339a888a7340ed80722





mesma no carácter territorial da praza a crear, esta alegación outórgalle á praza un carácter totalmente ateritorial e enfocada nunhas funcións que nada teñen que ver, ou cando menos deixan en meramente anecdótico, en onde se sitúe fisicamente a xefatura.

Feita esta apreciación e entrando no fondo da alegación, é sinxelamente imposible atender a pretensión do alegante pois a creación dunha nova praza e unhas novas funcións na RPT suporía volver a recalcular todas as funcións e valoracións da praza de xefe de parque e as dunha nova praza, non contemplada na clasificación profesional do I convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes do consorcio provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, asinado polas partes o día 07-02-2025.

É tamén incongruente esta alegación co solicitado polas xefaturas de parque do consorcio, entre as que se atopa o alegante, en onde en numerosas ocasións se demandou desta xerencia a creación de novas prazas de xefatura de parque, con idénticas funcións e co obxecto de dividir a “excesiva” carga horaria.

É polo tanto incongruente coa motivación da creación das prazas, solicitar que estas dado que non gusta a distribución proposta, sexan de funcións diferentes.

A creación das prazas lévase a cabo para desenrolar as labores de xefatura de garda, labor pola que alternativamente van rotando as xefaturas de parque. Esta figura encárgase e encargarase da coordinación de todas as emerxencias e necesidades urxentes xurdidas durante a súa quenda en TODO o consorcio, desprazándose dende o seu parque de asignación a aquel punto da provincia que sexa necesario, é polo tanto unha figura de ámbito de traballo provincial que, por quendas non solapadas, realiza a coordinación.

En función das alegacións expostas, INFORMO:





Alegación primeira. Tal e como se expuxo, esta alegación non é consecuente coa distribución territorial, poboacional e de riscos do Consorcio nin coas funcións a desenvolver. As funcións das xefaturas de garda con cinco xefaturas de parque en lugar das tres actuais, serán cada vez menos “comarcais” labor que se leva implementando dende a chegada desta xerencia.

Para estas labores provinciais, no canto de comarcais, a localización proposta considérase a mais idónea.

Alegación segunda. Tal e como se expuxo no corpo deste informe esta alegación é incongruente coa motivación de creación da praza, que debe ser de idénticas funcións ás dos tres xefes de parque existentes á fin de dispoñer de máis presencialidade para a atención das emerxencias no Consorcio Provincial, crear unha praza de distinta natureza poría en risco o mando único provincial e, por forza, suporía unha rebaixa salarial na categoría de xefatura de parque, a cal debería perder algunha función a desempeñar pola categoría de nova creación.

Polo exposto, ratifícase a distribución e por ende a estrutura organizativa dos xefes de parque e a modificación de cadro de persoal proposta, ao considerala como a mellor opción para a prestación do servizo no ámbito territorial do Consorcio, que abrangue a 53 dos 61 concellos da provincia.

En Pontevedra na data da sinatura electrónica

o xerente

Roberto Jorge Correa



AL CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE PONTEVEDRA

Expte. Número 19/2025

D./Dña. **JUAN JESUS MARIÑO MARIÑO**, con **DNI 35463360M**, en calidad de **Sargento Jefe del Parque de O Morrazo** y domicilio a efecto de notificaciones en Bueu, Parque de Bombeiros do Morrazo, polígono industrial de Castiñeiras parcela 36 (36939), ante esta Administración comparezco y como mejor proceda en Derecho, DIGO:

Que con fecha **03/02/2025** se ha emitido por parte de la Presidencia del Consorcio, documento relativo a la *“modificación do cadro de persoal do consorcio provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento”*.

Que, en respuesta a la justificación presentada por el gerente tanto para la asignación de un bombero adicional en el parque de Porriño debido a su histórico número de salidas, como para la asignación de un “xefe de parque” al parque de Bueu, es importante analizar estos criterios en detalle y complementarlo con otros factores clave.

Si bien es cierto que Porriño presenta un número de intervenciones elevado, las diferencias con otros parques no son tan significativas en términos absolutos. No obstante, existen otras **circunstancias técnicas y operativas** que refuerzan la necesidad de mantener y estructurar correctamente la dotación de personal en este parque, tanto a nivel operativo (bombero adicional) como de gestión y coordinación (sargento adicional).

Que por medio del presente escrito y dentro del plazo concedido, vengo a presentar las siguientes

ALEGACIONES

PRIMERA: Justificación para la asignación de un sargento “Xefe de Parque” adicional al parque de Porriño

En el año 2024, el parque de Porriño realizó 243 intervenciones, frente a las 227 de Bueu, 196 de Vilagarcía y 154 de Ribadumia.

Si bien la diferencia no es abismal, sigue siendo el parque con mayor actividad, lo que justifica el refuerzo de personal.

La zona de actuación de Porriño es **muy extensa**, abarcando un amplio territorio con una diversidad de escenarios de intervención, desde accidentes de tráfico hasta incendios en zonas industriales.

La cobertura de una zona tan grande implica una mayor carga de trabajo y una necesidad operativa de personal suficiente para responder de manera eficaz.

A diferencia de otros parques, como el de Bueu, el parque de Porriño cuenta con numerosas industrias, varias de ellas clasificadas bajo la **directiva SEVESO**, lo que indica un riesgo intrínseco mayor.

La respuesta a emergencias en industrias de este tipo requiere personal preparado y en número suficiente para garantizar una intervención segura y eficaz.

Por todo ello, la presencia de un bombero adicional en este parque no solo se justifica por la cantidad de salidas, sino también por la complejidad y el riesgo de las mismas.

El parque de Porriño, debido a su alto número de intervenciones y su riesgo industrial, requiere una mayor capacidad de coordinación y liderazgo operativo.

Disponer de un sargento adicional en este parque facilitaría la gestión de intervenciones y el control de situaciones de alto riesgo.

A diferencia de otros parques como el de Bueu, Porriño dispone de espacio suficiente para albergar a dos sargentos trabajando de forma conjunta. En cambio, en el parque de Bueu, donde actualmente hay un sargento jefe de parque, las instalaciones no son adecuadas para el trabajo simultáneo de dos mandos en tareas de oficina y coordinación.

La ubicación del sargento adicional en Bueu no responde a una justificación técnica clara, mientras que en Porriño sí existe una necesidad operativa que avala su

presencia. La redistribución del sargento adicional a Porriño garantizaría una mejor cobertura en una zona de alta carga operativa y riesgo industrial.

SEGUNDA: Cambio de la denominación de la nueva plaza de "Xefe de Parque" a "Sargento Jefe de Grupo"

En el documento del Consorcio, la plaza de sargento es referida como "Xefe de Parque", una denominación que no refleja con exactitud la realidad operativa del puesto. Proponemos la modificación del nombre a "Sargento Jefe de Grupo", ya que esta denominación se ajusta mejor a las funciones y responsabilidades desempeñadas en la actualidad.

El término "Xefe de Parque" puede inducir a confusión, ya que sugiere una **función de dirección exclusiva del parque**, (ejercida actualmente por el alegante) cuando en realidad los sargentos realizan labores operativas en la gestión de emergencias y no solo tareas administrativas. **No es jurídicamente posible que en un mismo parque haya dos “jefes de parque”**. La existencia de un único jefe de parque es fundamental para garantizar una cadena de mando bien definida, evitando conflictos de autoridad y asegurando una toma de decisiones eficaz. La figura del jefe de parque debe representar el máximo responsable de la gestión operativa y administrativa dentro de su parque, coordinando al personal bajo su mando y asumiendo la dirección en caso de emergencia. En este sentido, la asignación de un segundo sargento no puede implicar una duplicidad en la jefatura, sino que debe enmarcarse dentro de la estructura jerárquica establecida.

La denominación "Sargento Jefe de Grupo" permite diferenciar con claridad las responsabilidades de coordinación en emergencias y gestión diaria del servicio, en contraste con otros niveles de mando superiores.

La mayoría de servicios de bomberos utilizan el término "Sargento Jefe de Grupo" para referirse al mando intermedio que asume la coordinación directa del servicio en el turno.

Adoptar esta denominación en el Consorcio facilitaría la alineación con las buenas prácticas organizativas en el ámbito de las emergencias. Los sargentos desempeñan funciones clave en la toma de decisiones en emergencias, la gestión de recursos en

incidentes y el liderazgo de los equipos en intervención. La denominación "Sargento Jefe de Grupo" pone en valor este papel esencial en la operativa diaria del servicio.

Por todo ello,

SOLICITO:

1º.- Que, teniendo por presentado este escrito, y en su virtud tenga por formuladas las anteriores alegaciones y proceda a su estimación, por fundamentarse ambas en aspectos técnicos-operativos.

En Bueu a 11 de febrero de 2025.

Fdo. Juan Jesus Mariño Mariño

Sargento Jefe de Parque Morrazo

Consorcio Provincial de Bomberos de Pontevedra

**MARIÑO
MARIÑO
JUAN JESUS -
35463360M**

Firmado digitalmente
por MARIÑO MARIÑO
JUAN JESUS -
35463360M
Fecha: 2025.02.11
11:54:28 +01'00'



ASUNTO: MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

EXPEDIENTE: 19/2025

Antecedentes.

1. O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 29 de outubro de 2024, acordou aprobar conxuntamente co Orzamento do Consorcio o Cadro de Persoal e de retribucións para o exercicio 2025, que contempla a creación de 17 posto de persoal laboral fixo de bombeiro- condutor, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo:

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	3
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	67

2. A Xerencia no informe emitido, con data 28-01-2025, en relación coa estrutura organizativa contida no proxecto de Relación de Postos de Traballo que contempla a dotación de 67 bombeiros-condutores, sinala que "... considera necesario converter dúas prazas de bombeiro en xefatura de parque, quedando a seguinte distribución:

PARQUE	BOMBEIROS ACTUAL	BOMBEIROS + NOVO INGRESO	XEFES PARQUE
BUEU	17	21	2
PORRIÑO	19	22	1
RIBADUMIA	17	21	1
VILAGARCÍA	17	21	1
TOTAL	70 (+3XP)	85	5

Con esta distribución acádanse os 20 efectivos necesarios para establecer as quendas 1-4, habendo un excedente de 5 bombeiros en todo o consorcio que permitirán ter un efectivo excedente en cada unha das cinco dotacións para cobertura puntual de imprevistos.

Tamén se realizará o cambio de quendas das xefaturas de parque, pasando do actual horario presencial por quendas de 9 a 15 a un horario presencial por quendas de 08 a 20h, manténdose localizables no resto de quendas que lle correspondan.

Deste xeito a xestión diaria das incidencias verase enormemente mellorada, pois a presencialidade ampliada permitirá atendelas con maior efectividade.

A atención ás emerxencias tamén se verá mellorada pola maior presencialidade e pola menor carga de localizacións, redundando nun mellor servizo aos cidadáns.

LUIS LOPEZ DIEGUEZ (1 para 1)
PRESIDENTE
Data de S. 03/02/2025
HASH: e50c7483baf422818cf9a68a124b79





Tradicionalmente os parques de Ribadumia e Vilagarcía veñen funcionando conxuntamente, compartindo vehículos e intervencións.

Por outra banda o parque de Porriño é o que historicamente ten maior número de saídas respecto dos demais, é por elo que se asigna un bombeiro a maiores neste parque, circunstancia que xa se viña dando anteriormente.

No parque de Bueu asígnanse dúas xefaturas de parque para reforzar a zona sur da provincia dado que como se expuxo o norte xa actúa conxuntamente entre Ribadumia e Vilagarcía."

A vista do sinalado, e considerando que, ao abeiro do artigo 37.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público esta materia será obxecto de negociación; formúlase a seguinte proposta a Mesa Xeral de Negociación :

1º.- Modificar o Cadro de Persoal Laboral Fixo do exercicio 2025, coa transformación de 2 dos postos de bombeiro- condutor dos creados en 2 dos postos de xefes de parque, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo para o exercicio 2025:

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025	
<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>N.º DE POSTOS</i>
<i>XEFE DE PARQUE</i>	5
<i>XEFE DE QUENDA- CONDUTOR</i>	20
<i>BOMBEIRO-CONDUTOR</i>	65

2º.- A devandita modificación será tramitada conforme determina a lexislación vixente.

O presidente

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

